



FGTennis

PLAY ▶ TENNIS

2017

Circuito Galego Xuvenil de Tenis Babolat

Circuito organizado pola Federación Galega de Tenis para xogadores de categorías alevín, infantil e cadete.

calendario:

1ª Proba + Babolat Cup: do 27/01 ao 19/02 - Club Campo Ferrol

Gallego Alevín y Cadete: do 24/02 ao 05/03 - C.C.D. Sanxenxo

2ª Proba: do 12/05 ao 28/05 - Club Tenis O Rial

Gallego Infantil (Manuel Alonso): do 21/04 ao 01/05 - Squash Santiago

3ª Proba: do 16/06 ao 25/06 - Club Santo Domingo

4ª Proba: do 10/07 ao 16/07 - C. Mercantil e Ind. Pontevedra

5ª Proba: do 31/07 ao 06/08 - Sporting Club Casino Coruña

Master: do 28/08 ao 03/09 - R.S.D. Hípica

FGTennis



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO



Babolat

GADIS

Coca-Cola

Trofeos Marvi

GreenSet
THE BEST SURFACE FOR THE BEST TENNIS



OTERO
Correduría de SEGUROS





Regulamento Circuito Galego Xuvenil de Tenis Babolat 2017

O Circuito Galego Xuvenil de Tenis Babolat organizado pola Federación Galega de Tenis, disputarase nas categorías Alevín, Infantil e Cadete, masculino e feminino.

As sedes serán establecidas pola Federación Galega de Tenis. Poderán participar nel todos os xogadores/as con licenza federativa en vigor pola RFET no ano en que se realicen as probas, nas seguintes condicións:

O Circuito Galego Xuvenil de Tenis Babolat componse de:

- Cinco probas en cada categoría.
- Campionatos Galegos Alevín, Infantil (Manuel Alonso) e Cadete.
- Master do circuíto.

A Federación Galega de Tenis resérvase o dereito de facer algunha modificación no regulamento de competición si así o estima oportuno.

ENTRADAS

Nas probas do circuíto estableceranse categorías en función dos xogadores inscritos e non haberá previa.

Nos Campionatos Galegos e na Babolat Cup, o acceso será polo ranking nacional e si fora necesario xogarse unha fase previa.

Establécese un regulamento onde o sistema de entradas e o seguinte:

Regulamento de entradas e tamaño dos cadros				
Xog. Inscritos	Primeira	Segunda	Terceira	Campionatos Galegos e Babolat Cup
1-15	16			32
16-24	8	Máx. 16		
25-32	16	Máx. 16		
33-40	16	Máx. 16	8	
41 o más	16	16	Aberta	
Acceso Ranking Nac.	50%	50%	50%	100%
Acceso Puntos Circuíto	50%	50%	50%	-
Previa	-	-	-	Aberta
Accesos de previa	-	-	-	8

1. O acceso aos cadros seguirá a seguinte norma:

1º. 50% polo ranking Babolat.*

2º. 50% polo ranking Nacional.

* Na primeira proba as xogadoras/es aceptados directamente saen por clasificación nacional. Esta norma non será aplicada nos Campionatos Galegos e na Babolat Cup, nos que o acceso será por ranking nacional.

- O xogador que quede campión dunha categoría, terá unha praza directa para xogar na categoría superior. Para poder acceder a esta praza, terá que solicitalo por escrito nas observacións no momento da inscrición. En caso de non solicitalo, ocupará a praza que lle corresponda segundo os criterios de acceso especificados no punto 1.
- A Federación Galega de Tenis resérvase 4 prazas de WC para cada categoría, que poderá utilizar se o considera oportuno.
- As/os xogadoras/es poderán inscribirse en dúas categorías como máximo e deberán xogar, se así o estima oportuno o Xuíz Árbitro, os partidos que correspondan a cada categoría nunha soa xornada.
- Non poderán inscribirse nos Torneos do Circuíto aquelas/es xogadoras/es que na mesma semana dalgunha das probas do mesmo, sexan convocadas/os para representar a Federación Galega de Tenis.



Regulamento Circuito Galego Xuvenil de Tenis Babolat 2017

6. As/os xogadoras/es que non teñan licenza da Federación Galega, poderán disputar todas as probas do Circuito, a excepción dos campionatos galegos alevín, infantil e cadete e a Babolat Cup.
7. Os criterios que a organización utilizará para a creación do orden de xogo, serán:
 1. Dobrar no mesmo día.
 2. Organizar a orde de xogo para coordinar a disputa de dúas categorías.

Estes criterios poderán verse alterados pola organización, sempre que existan causas xustificadas.

CABEZAS DE SERIE

Regulamento cabezas de serie		
Cadro Final	8 a 23	24 a 32
Cabezas de serie	4	8

- Os criterio para establecer os cabezas de serie será a clasificación nacional.

* Nos Campionatos Galegos os cabezas de serie designaos a Federación Galega de Tenis, a excepción do Campionato Galego Cadete que serán por clasificación nacional.

* A Federación Galega resérvase o dereito de facer as modificacións neste articulo se así o considera oportuno.

SISTEMA DE PUNTUACIÓN

1. Campionatos Galegos e Babolat Cup
 1. Cadros Principais a 3 sets
2. Resto das probas
 1. 2sets + súper tie break

SISTEMA DE CLASIFICACIÓN – RANKING CIRCUITO

1. As/os xogadoras/es participantes nas probas do Circuito Galego Xuvenil de Tenis Babolat obterán puntos do circuito, segundo a tabla:

Regulamento de puntuación do Circuito				
Rolda	Categoría A	Categoría B	Categoría C	Campionatos Galegos e Babolat Cup
Campión	50	30	20	100
Finalista	40	25	15	80
Semifinalistas	30	20	10	60
Cuarto finalistas	20	15	8	40
Oitavos	15	10	5	30
Dezaseisavos	-	-	-	20

- O xogador que perda en primeira rolda, obterá 8 puntos na primeira categoría, 4 puntos na segunda categoría e 2 puntos na terceira categoría (independentemente da rolda que sexa, este xogador solo sumará estes puntos). O xogador e xogadora que non dispute ningún partido (w.o.), non obterá ningún punto.
- A partir da terceira proba disputada por cada xogador, aplicarase o seguinte coeficiente multiplicador sobre os puntos conseguidos nesa proba:
 - 4ª proba: Puntos proba x 1,5
 - 5ª proba: Puntos proba x 1,75



Regulamento Circuito Galego Xuvenil de Tenis Babolat 2017

ARBITRAXE

1. Os clubs organizadores están obrigados a arbitrar todas as finais de cada probas. É obrigatorio cumprir os requisitos de arbitaxes e de non facelo serán excluídos durante os 3 seguintes anos do Circuito Xuvenil.

PENALIZACIÓN

1. Unha/un xogadora/or que sexa expulsada dunha proba quedará tamén excluída/o de tódalas categorías nas que participe nese torneo, ademais, non terá dereito a recibir puntos do circuito por ese torneo.

MÁSTER BABOLAT

- A finalización do Circuito as/os 8 xogadoras/es mellor clasificadas en cada categoría, terán a opción de disputar o MASTER do Circuito Galego Xuvenil de Tenis Babolat onde se repartirá material deportivo entre os participantes.
- Para poder optar o Máster é obrigatorio xogar polo menos 3 das 5 probas que hai no circuito, excluindo a participación nos Campionatos Galegos.
- Ao finalizar as probas do circuito, publicarase o listado de clasificados (e suplentes). Para disputar o Máster, é necesario confirmar asistencia, en caso de non facelo, o posto será ocupado polo 1º suplente confirmado e así sucesivamente ata completar as/os 8 xogadoras/es.
- No caso de non cubrirse as prazas, a FGT resérvase WC para ocupar as vacantes.
- O formato do Máster será: primeira fase Round Robin e segunda fase eliminatoria.

PREMIOS

- Os xogadores recibirán os seguintes premios:
 - Campión/a do Máster Alevín:
 1. 300€ en material deportivo.
 2. Beca 100% para desprazamento coa FGT ao primeiro torneo de referencia do programa TRC.
 - Campión/a do Máster Infantil:
 1. 300€ en material deportivo.
 2. WC para o Campionato de España por Comunidades Autónomas.
 - Campión/a do Máster Cadete:
 1. 300€ en material deportivo.
 2. WC para Tennis Europe de Sanxenxo.
 - Subcampións/as do Máster en todas as categorías:
 1. 200€ en material deportivo.
 - Semifinalistas do Máster en todas as categorías:
 1. 100€ en material deportivo.
- Haberá regalos para todos os participantes en cada proba do circuito e no máster.
- O reparto de premios total ao longo do circuito será de 9.000€ en material deportivo.

INFORMACIÓN PROBAS

- Toda a información da competición (Bases, Inscripción, Orden de xogo, Cadros) estará publicada na páxina web da Federación Galega de Tenis www.fgtenis.net.

COORDINADOR DO CIRCUITO

- Carlos Coira Lojo. Contacto: carloscoira@fgtenis.net TLF: 667688432



Reglamento Circuito Galego Xuvenil de Tenis Babolat 2017



PLAY TO BE
WILD

SIGUE LA PISTA DE LOS CAMPEONES

**BABOLAT
CUP**

LOS JUGADORES PROFESIONALES DEL TEAM BABOLAT PUEDEN JUGAR CON UN MODELO PERSONALIZADO DIFERENTE DEL EQUIPAMIENTO PRESENTE.